

UNIDADE DIDÁCTICA

À DESCUBERTA DE CARVALHO CALERO

BERNARDO PENABADE



 AGAL

CARVALHO 20
CALERO 20

À DESCUBERTA DE
CARVALHO CALERO



LIMIAR

A celebración das Letras Galegas correspondente ao ano 2020 rompe tópicos. O homenaxeado é un autor urbano, nacido nunha das sete grandes cidades de Galiza; de familia da burguesía comercial que facía negocio con todo tipo de clientela civil e militar e nacional e estranxeira. Aínda que teña ouvido a lingua galega na infancia, pode considerarse un adiantado dos grupos sociais que nesta etapa contemporánea asumen como propio e natural un idioma que non recibiran nos primeiros anos de vida (a comunidade neofalante).

Sen dúbida, este ano 2020 das Letras Galegas podería térselle dedicado a Ricardo Carvalho en recoñecemento ao seu labor docente en todos os niveis do ensino, mais tamén en calidade de crítico literario, de estudoso da gramática, de notábel escritor en todos os xéneros, de planificador de políticas lingüísticas públicas, de orador en locais de modestas sociedades culturais ou nos mais diversos foros nacionais e internacionais, nomeadamente no ámbito universitario.

Do mesmo xeito, ben merecida sería esta homenaxe para o rapaciño que á idade de 14 anos, e en plena ditadura de Primo de Rivera, publicaba poemas en idioma galego nunha revistiña da súa cidade e noutra editada en Cuba pola comunidade emigrante que procedía da nosa terra; o mesmo que entrou no Seminario de Estudos Galegos recitando versos de estética vangardista; o licenciado en Dereito que se implicou no ordenamento xurídico do futuro autogoberno galego no marco dun Estado descentralizado; o profesor que se ocupou da área docente do primeiro centro de ensino levantado para educar transversalmente desde a realidade mais próxima aos mundos máis afastados. Non menos xustificado estaría dedicármolles estes 365 días das nosas letras a quen tivo a responsabilidade de introducir o estudo científico da Lingua e da Literatura galegas na oferta educativa da Universidade de Santiago de Compostela para cuxo alumnado elaborou numerosos materiais específicos, entre eles unha gramática e unha Historia da Literatura.

Sirva, pois, esta unidade para dar a coñecer entre as comunidades educativas da rede de ensino secundario público e privado o legado de Ricardo Carvalho Calero e a súa presenza na sociedade galega contemporánea.

1 DO SEG Á AGAL: O TESTEMUÑO DE RICARDO CARVALHO CALERO

Cando tiña só 17 anos, pouco despois de ingresar na Universidade de Santiago, Ricardo Carvalho Calero entra no ámbito do Seminario de Estudos Galegos (SEG) que fora fundado só catro anos antes (1923) para promover a investigación e a divulgación científica. Dirixidos polo profesor Armando Cotarelo Valledor, os estudantes fundadores -entre eles Fermín Bouza Brei e Luís Tobío- acollen unha segunda promoción, a de Antón Fraguas, Xoaquín Lourenzo e o propio Carvalho.

Estruturado en seccións con funcionamento interdisciplinario, o Seminario de Estudos Galegos foi a institución que se ocupou de fornecer a formación teórica e práctica que os estudantes non recibían nas aulas oficiais. Da Sección de Filoloxía recibiron orientación para os estudos lexicográficos e fonéticos, participaron no traballo de codificación do idioma recollido no libro *Algunhas normas prá unificación do idioma galego* (1933), colaboraron nas Festas da Lingua, na edición dos clásicos da Literatura e na Comisión de Pedagogía planificaron a entrada do noso idioma na rede de ensino.

Se o Seminario foi a escola de formación, o Partido Galeguista converteuse na ferramenta para a dignificación social do idioma. Na súa vida interna, a formación asumiu a estabilidade nos usos orais e escritos; e esa coherencia estendeuse tamén á presenza pública nas campañas políticas, no seu órgano de

expresión (*A Nosa Terra*) e no labor parlamentario, onde reclamou o recoñecemento da cooficialidade.

Decorrido máis de medio século, e coa experiencia de trinta anos de práctica docente en Lingua Galega (1950-1980), quen xa era coñecido con admiración como o “vello profesor” asumiu o papel de orientador dun movemento social inspirado no seu maxisterio. Así naceu en 1981 a Associação Galega da Língua (AGAL), a entidade cívica en que confluíron ex-alumnos e ex-alumnas de Ricardo Carvalho despois de 1965 con representantes das primeiras “fornadas” da licenciatura en Filoloxía Galego-Portuguesa, co estudantado que nesa altura entraba na universidade e mesmo con axentes sociais implicados na rexeneración cultural que nada tiñan que ver cos círculos académicos.


2 O PLANIFICADOR LINGÜÍSTICO

Na súa condición de licenciado en Dereito e de estudante de Filosofía e Letras, Ricardo Carvalho Calero colaborou na planificación lingüística feita por iniciativa do Seminario de Estudos Galegos durante a IIª República. En 1931 participou na elaboración do Anteproxecto de Estatuto de Autonomía que recollía o recoñecemento legal do uso da lingua galega nos futuros órganos de autogoberno de Galiza; e, no relativo ao modelo de uso escrito, coñeceu as circunstancias en que se elaborou a proposta de normas ortográficas de 1933 e asistiu en primeiro plano á acollida nos círculos literarios e na comunidade que usaba o galego escrito noutras esferas comunicativas como as do xornalismo ou da intervención política.

No plano educativo, Ricardo Carvalho era tamén un experto. Alén de sentar as bases teóricas dun sistema de ensino revolucionario con planificación alternativa á asimilista no Colexio Fingoi, durante un período de 15 anos testou a súa validez desde a dobre condición de director do centro e de profesor de materias da área das Humanidades. Deste xeito, en contacto directo cos equipos docentes, o alumnado, as familias e a Administración, adquiriu coñecementos fundamentais para sentar as bases dun sistema xeral de ensino e para introducir nel as materias específicas de Lingua e Literatura.

Da súa responsabilidade foi tamén a planificación da docencia dos estudos Filoloxía Galega no ensino superior e o texto das normas ortográficas aprobadas pola Academia Galega en 1972. Avalado por ese currículo, en 1979 foi nomeado presidente da Comisión de Lingüística do Goberno Galego e no exercicio da nova responsabilidade defendeu unha estratexia a longo prazo («De mínimos a máximos») que tivo sempre presente a receptividade social.

Bernardo Penabade



Ricardo Carvalho Calero

Á DESCUBERTA DE CARVALHO CALERO



CRONOBIOGRAFÍA DE RICARDO CARVALHO CALERO

1910 (30/10)	Nace no Ferrol Vello. Fillo de Gabriel Carballo e Dolores Calero, é o maior de seis irmáns, tres homes e dúas mulleres.
	Alumno do Colexio Sagrado Corazón, academia familiar dirixida por Manuel Comellas Coimbra , dramaturgo adscrito á literatura galega. Un dos seus profesores foi o tamén escritor Nicolás García Pereira , precursor do Reintegracionismo.
1919	Orfandade pola vía materna.
	Na Academia San José prepara as probas de ingreso na Academia Militar da Armada.
	Novamente no Colexio Sagrado Corazón retoma a preparación do bacharelato. Como en Ferrol non había instituto, viaxa en tren á Coruña para se examinar no Instituto Eusebio da Guarda.
1920-21 (entre os 10 e os 11 anos)	Debuta como dramaturgo coa tentativa de escrita de dúas obras: unha zarzuela e unha comedia en verso.
1924 (com 14 anos)	Publica os primeiros poemas, en galego e en castelán, na revista <i>Maruxa</i> , dirixida por seu tío Vicente Beltrán en Ferrol; e nunha publicación da cidade cubana de Camagüey, por iniciativa doutro Vicente Beltrán (tío-avó). Usa como pseudónimo ÍLEX.
1925	Publica versos e artigos en <i>El Correo Gallego</i> , xornal nacido en Ferrol. Os seus escritos levantan o interese de Jaime Quintanilla, Rodrigo Sanz e Manuel Fernández Barreiro, comerciante galeguista lugués colaborador da editora <i>Céltiga</i> . Exerce por primeira vez a docencia. Comeza a impartir aulas particulares no Colexio Sagrado Corazón, o mesmo en que tiña estudado na infancia.

Á DESCUBERTA DE CARVALHO CALERO

1926 (com 15 anos)	Ingresa na Universidade de Santiago. Cursa 1º de Filosofía e Letras e preparatorio de Dereito. Participa no Seminario de Estudos Galegos.
1927 (com 17 anos)	Ingresa no SEG nunha cerimonia en que ofrece un recital de poesía de estética vangardista. Eses poemas -e outros máis- serán editados catro anos despois en <i>Vieiros</i> . Participa na Festa da prosa , convocada polo Seminario de Estudos Galegos. E coñece o equipo da <i>Revista Nós</i> (Risco, Pedrayo, Cuevillas e Castelao). En calidade de estudante de Dereito, participa no equipo que redacta a reforma dos Estatutos do SEG.
1928	Publica o primeiro libro, <i>Trinitarias</i> (poemario que recolle textos escritos en castelán entre 1924 e 1926). O prologuista é o seu ex-profesor Nicolás García Pereira.
	É presidente da Asociación de Estudantes de Dereito; e posteriormente é presidente da Federación Universitaria Escolar (FUE) na Universidade de Santiago.
1931 (com 21 anos)	É o presentador da conferencia de Luis Jiménez de Assúa na Universidade de Santiago. Publica o primeiro libro de poesía en galego: <i>Vieiros</i> (con poemas escritos entre os 16 e os 18 anos), libro que sae na Editora Nós. Publica o ensaio titulado <i>La fuerza pública en la Universidad de Santiago. Datos y documentos</i> , editado pola FUE. Uns anos máis tarde, o político causante dos feitos -Felipe Gil Casares, alcalde de Santiago e catedrático de Dereito, pídelles a Carvalho unha copia do libro para gardar no seu arquivo. Obtén o Premio Extraordinario de Licenciatura en Filosofía e Letras, na especialidade de Dereito. É fundador do Partido Galeguista e resulta electo integrante do Consello Asesor do máximo órgano de xestión. Con Luís Tobío, colabora no <i>Anteproxecto de Estatuto de Autonomía</i> defendido polo SEG. O texto tivo dúas edicións: unha que recolle só o articulado e outra que tamén inclúe un estudo económico redactado por Alexandre Bóveda.
1932	Despídese do uso da lingua castelá para a creación poética co libro <i>La soledad confusa</i> (Ed. Nós).
	Exerce a docencia en academias privadas. Prepara por libre a segunda licenciatura, a de Filosofía e Letras.
1933	Aproba a primeira oposición: a de funcionario do Concello de Ferrol. Combina o traballo administrativo coa docencia particular. Casa con Maria Ignacia Ramos.
1936	Presenta emendas ao articulado do Estatuto de Autonomía. Son aprobadas. Completa a segunda licenciatura e pide a excedencia no Concello para preparar as oposicións á cátedra de Lingua e Literatura Españolas. Finaliza a escrita da obra teatral titulada <i>O fillo (O filho)</i> , deseñada antes de 1930 e que ía ser publicada na revista <i>Nós</i> . Publica en Editorial Nós unha nova obra poética: <i>O Silenzo axionllado (O Silêncio ajoelhado)</i> . Participa en Madrid nas oposicións para as cátedras de instituto. Nace a súa primeira filla.

Á DESCUBERTA DE CARVALHO CALERO


1936-1941	Após o golpe de Estado é nomeado profesor de instituto. Participa na guerra no Batallón da Federación de Traballadores do Ensino, adscrita á UGT. De Madrid é destinado a Valencia e máis tarde a Andalucía. Exerce a avogacía de oficio en consellos de guerra. É encarcerado en Xaén. No cárcere vive a súa terceira experiencia docente, neste caso impartíndolles aulas aos fillos do comandante militar do centro penitenciario.
1941	Consegue a liberdade condicional e pode regresar a Ferrol. Coñece a primeira filla, que tiña 5 anos. Contribúe á economía familiar a través da docencia como "profesor clandestino" en varios centros privados da cidade de Ferrol. Estaba desposuído do título de licenciatura e, obviamente, da oposición aprobada en 1936.
1945	Finaliza a escrita de <i>Isabel</i> , obra teatral deseñada en 1936.
1946	Colaboración con Francisco Fernández del Riego en <i>La Noche</i> .
1947	Escribe tres obras teatrais: <i>A sombra de Orfeo</i> (<i>A sombra de Orfeu</i>), <i>Farsa das zocas</i> (<i>Farsa das çocas</i>) e <i>A arbre</i> (<i>A árvore</i>).
1950	<i>A xente da Barreira</i> (<i>A gente da Barreira</i>) -a primeira novela galega posterior á guerra- é premiada por Bibliófilos Gallegos. Comeza a traballar no Colexio Fingoi (Lugo), onde exerce como profesor de Lingua e Literatura, como director do centro educativo e como integrante do Padroado que o sustenta. É socio fundador da Editorial Galaxia. Ao non poder contribuír economicamente ao accionariado da empresa, limitase a ser colaborador intelectual. Publica na Editorial Benito Soto un novo libro de poesía: <i>Anxo da terra</i> (<i>Anjo da terra</i>).
1952	Publica nas Edicións Xistral unha nova obra poética: <i>Poemas pendurados de un cabelo</i> (<i>Poemas pendurados dum cabelo</i>). A maior parte dos textos foran escritos nas trincheiras.
	Comeza a colaborar no <i>Faro de Vigo</i> , a través de Álvaro Cunqueiro.
1954	Defende en Madrid a tese de doutoramento e obtén sobresaliente <i>cum laude</i>. O traballo foi dirixido por Santiago Montero Díaz (catedrático de Dereito na Universidade Central) e no tribunal estivo Dámaso Alonso. A tese está publicada como <i>Aportaciones a la literatura gallega contemporánea</i> (Ed. Gredos).
1958	Ingresa na RAG cun discurso titulado <i>Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía</i> (<i>Contribuição ao estudo das fontes literárias de Rosalia</i>). O discurso foi publicado por Ediciones Celta, de Lugo). A resposta foi de R. Otero Pedrayo.
1961	Publica nova obra poética: <i>Salterio de Fingoy</i> (<i>Saltério de Fingoi</i>). O poemario é editado na colección Salnés, da Ed. Galaxia.

1963	Aparece publicada na Editorial Galaxia a <i>Historia da literatura galega contemporánea (História da literatura galega contemporánea)</i> .
1965	Entra como profesor na Universidade de Santiago e ocúpase do ensino de Lingua e Literatura Galega (no 5º curso de Filoloxía Románica) e de Lingua e Literatura Galega Medieval (materia optativa en 4º de Xeografía e Historia). Consegue o número 1 na oposición celebrada en Madrid para profesorado de Lingua e Literatura Española. Entra a traballar no Instituto Rosalía de Castro (e combínao coa docencia na Universidade).
1966	Edita a <i>Gramática elemental del gallego común</i> (Ed. Galaxia).
1971	Edita en Galaxia <i>Sobre lingua e literatura galega (Sobre língua e literatura galega)</i> Elabora o texto das <i>Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego</i> que serían aprobadas polo pleno da Real Academia Galega.
1972	Realiza con éxito unha cuarta oposición: a da Cátedra universitaria de Lingua e Literatura Galegas.
1979	É nomeado presidente da Comisión Lingüística da Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia para elaborar as <i>Normas Ortográficas do Idioma Galego</i>. Aprobadas nese mesmo ano, foron substancialmente modificadas en 1982. Publica en Galaxia os <i>Estudos rosalianos</i> e na Fundación Barrié <i>Libros e autores galegos. Dos trovadores a Valle-Inclán (Livros e autores galegos. Dos trovadores a Valle-Inclán)</i>.
1980	Chégalle o momento da xubilación na Cátedra de Língua e Literatura. Comeza o seu "retiro oficial". Publica a primeira dunha serie de obras poéticas: <i>Pretérito imperfecto</i>.
1980	Publica un libro especial: <i>Problemas da língua galega</i>. Con esta obra a Editora Sá da Costa inaugurou a colección Noroeste, co-dirixida por Ricardo Carvalho e Manuel Rodrigues Lapa. É nomeado membro da Academia das Ciéncias de Lisboa.
1982	Celébrase na Coruña a "Homenaxe Nacional a Carballo Calero". Publica o segundo volume da serie de obras poéticas: <i>Futuro condicional</i>. Aparece nas Edicións do Castro o <i>Teatro completo</i> e na Fundación Barrié <i>Libros e autores galegos. Século XX (Livros e autores galegos. Século XX)</i>
1983	Publica <i>Da fala e da escrita</i> , antoloxía de artigos e relatorios.
1984	O libro <i>Letras galegas</i> (Ed. AGAL) recolle estudos de lingua e literatura. Aparece a <i>Narrativa completa</i>.

Á DESCUBERTA DE CARVALHO CALERO

1986	En poesía publica <i>Cantigas de amigos e outros poemas</i> (Ed. AGAL). Aparecen as <i>Conversas en Compostela con Carvalho Calero</i> , obra de Miguel Anxo Fernán-Vello e Francisco Pillado.
1987	Publica a novela <i>Scórpio</i> (Sotelo Blanco Edicións), co que consegue o Premio da Crítica Española.
1989	Publica os <i>Escritos sobre Castelao</i> (Sotelo Blanco Ed.)
1990	Falece en Compostela (25 de marzo). Aparece un novo libro de poesía - <i>Reticências</i> (Sotelo Blanco Ed.)- e unha nova antoloxía de relatorios divulgativos: <i>Do galego e da Galiza</i> (Sotelo Blanco Ed.).
1992	A profesora Carmen Blanco edita <i>Umha voz na Galiza. Artigos de jornal (1933-1989)</i> .

AS OITO ETAPAS VITAIS DE RICARDO CARVALHO CALERO



O ITINERARIO DA VIDA DE CARVALHO CALERO



PORTA DE ENTRADA

Abrimos a porta de entrada con este fragmento inicial do **Scórpio**, a obra narrativa escrita e editada por Ricardo Carvalho Calero na etapa final da súa vida. Pretendemos que observes atentamente as características da ortografía histórica galega e que repares en que pode ser lida con diferentes fonéticas, atendendo ao criterio de “unidade da escrita e diversidade das falas”.

Scórpio

I

Aurélia

Antónia deu onte a luz. Foi um parto normal. A parteira nom achou dificultades para realizar o seu cometido. Nom houvo que chamar médico nengum. Agora, a mae e o neno jazem na humilde cama. A criança é formosa, de bom peso, com umha abundante penugem loira na cabeça. Aperta os punhos e os olhos quando está dormido, acarom da mae, saciando o seu apetite de leite materno. O leite flui naturalmente do peito de Antónia. Todo está bem. No meio da pobreza que os rodeia, mae e filho, nestas primeiras horas de vida do pequeno, dam umha sensaçom de saúde, ainda que o quebranto do parto de Antónia se reflecta no apagado azul dos seus olhos, na palidez das suas faces, habitualmente ruivas, e o menino tenha esse ar inevitável de coelho encolhido, de cousa imperfeita, de realidade ainda nom calhada que amostam sempre os filhos de home durante os primeiros tempos do seu viver. Encostada no seu cabeçal que lhe trouxem de abaixo, para fazer mais cómoda a sua postura, e que coloquei sobre a sua almofada, Antónia bebe em silêncio o seu caldo de galinha, obséquio da vizinha do baixo.

Fala mui poco e nem Mercedes nem eu a forçamos a conversas que nom lhe prazam. Penso que ainda nom se decatou bem da sua situaçom com esse filho que ha criar-lhe muitos problemas. Guarda zelosamente o seu segredo. Sem dúvida, o pai é home que nom pode assumir publicamente a sua responsabilidade de progenitor. Há ser um casado, o marido de algumha das senhoras para as quais Antónia cose, ou cosia. Um crego? Antónia nom frequentava as sacristias. Mas eu juraria que este neno nom é filho de um moço solteiro. Antónia era umha rapaza leda, afável, singela. Ainda que parava pouco na casa, sempre a exercer fora o seu ofício de costureira, dava-se mui bem connosco: comigo e com Mercedes. Quando foi evidente o seu embaraço, e aceitou a ajuda que lhe oferecemos, nom nos fijo nengumha confissom sobre os seus amorios. Nom lhe conhecemos mais que um moço, mais foi quando ainda vivia a sua mae, e aquilo durou pouco, e ele seica emigrou a Cuba. Assi que esse caminho nom conduz a nengures. A sua mae chegou aqui viúva. Vinha das montanhas de Lugo, onde casara com um home que se fora às Américas e morreu ali. Ela fora ama de cria do neno de um militar que logo foi destinado a África. Sabe Deus onde anda agora o irmao de leite de Antónia. Antónia nom lembra o seu pai. Assi que aqui nom tem parentes, nem em Lugo devem de ficar, ou nada sabe deles. Como vai viver? Na bufarda em que mora poucos gastos tem; mas se come da agulha, que fará co seu neno se vai coser às casas? Poucas amigas tem, tam pobres como ela. Ainda bem que de cativa aprendesse a coser, que os pais do seu colaço lhe deram esse ofício. Mas Antónia nom sabe dessa família. Se están vivos ou mortos. Haveria que ir às oficinas militares, a perguntar por eles, que do militar haverá algum rasto. Se quadra, ajudariam-na, se pudessem. Porque, polo que

seja, o pai da criança ou está morto ou nom pode fazer-se presente, e muito me temo que nom se poda contar com ele. Que podemos fazer por esta mae e este fillo os seus vizinhos? O meu marido é escrevente na Construtora. O de Mercedes é alvanel. Poderíamos cuidar do neno mentres Antónia estivesse fora? Eu tenho quatro cativos; Mercedes dous. Mas nom seria de cristaos nom botar umha mao a esta infeliz. Ela deveria dizer quem é o pai e, pola Justiza ou pola Igreja, haveria que exigir-lhe a esse home ajuda para a mulher que perdeu e o fillo que engendrou.

(*Scórpio*. Sotelo Blanco Ed., 1997)

EXERCICIOS DE OUVIR E LER

1 Entra [nesta ligazón](#) e procura os diferentes arquivos sonoros correspondentes ao *Scórpio* e a estes outros tres textos que che ofrecemos para o contraste:

Texto 1

Pues yo quiero dedicar este último minuto a las mujeres españolas. Estas son nuestras elecciones. Quiero dedicarlo porque queremos avanzar en igualdad, en libertad; vivir con dignidad, trabajar sin miedo, tener la capacidad de desarrollar nuestro proyecto vital. A vosotras, las profesionales, si, que llegáis a los sitios donde llegan los hombres -pero más cansadas y con más renuncias-, nuestras hijas tienen que llegar en pie de igualdad. Queremos que vosotras las jóvenes podáis volver a casa tranquilas por la noche, sin tener que mirar atrás, que podáis divertiros -tenéis derecho a ello- y que además podáis pasear sin miedo.

Texto 2

O PÚBLICO tem consolidado a sua posição como o jornal mais importante do país. Todos os meses passam pelo nosso online mais de 6,5 milhões de visitantes. Mas não é só a quantidade, é a qualidade de quem nos lê e de quem aqui escreve que tornam o PÚBLICO a referência que é. Somos o eixo de uma comunidade que quer saber para onde vai e quer poder escolher, em liberdade, o caminho a seguir. Para isso, quem nos lê conta com o nosso jornalismo independente, com a opinião conceituada dos nossos cronistas, a análise profunda dos especialistas e os pontos de vista singulares de cada leitor. Tudo junto, permite a cada um a visão alargada do mundo, em que se alicerçam as melhores decisões.

Texto 3

-Diga-nos, Christian: quando e como tomou conhecimento da existência da Galiza?

-Tenho breves recordações do nome “Galiza” no ano de 2000 quando fazia um curso. O tema sobre a Galiza só voltaria por volta de 2015 quando fiz uma disciplina no curso de História que abordava os reinos ibéricos e as suas transformações posteriores.

a) cantas lecturas diferentes temos do fragmento do *Scórpio*? Que é o que representa cada unha delas?

b) cales son os trazos presentes na lectura con acento galego que identifican o texto do xornal público como portugués?

c) cal das lecturas do texto castelán representa un maior número de falantes?

d) cal é a particularidade da entrevista?

2 Depois de ouvir os diferentes acentos, grava a túa lectura de cada un destes mesmos textos.

3 Con esta experiencia adquirida, aventurámonos agora cun traballo colaborativo. Facemos dous equipos, dividimos en fragmentos a segunda parte do *Scórpio* e gravamos a lectura conxunta.

EXERCICIOS DE ANÁLISE DA LINGUA ESCRITA

1 Antes de máis nada, partindo do parágrafo inicial, ofrecémosche un modelo para recoller en esquema as características esenciais dun discurso lingüístico. En primeiro lugar, debemos sinalar os trazos morfolóxicos (os de maior importancia) e a seguir os ortográficos (tamén estruturados xerarquicamente de maior a menor rendemento).

CRITERIOS		EXEMPLOS CONCRETOS
MORFOLOXÍA	Sistema verbal	Conservación dos verbos da segunda conxugación (viver).
	Sistema pronominal	
	Sufixación:	
	-TIONEM -BILEM -ANUM/ANAM	<i>Sensaçom</i> <i>Inevitável</i> <i>Mao, cristaos</i>
ORTOGRAFÍA	Alfabeto	a) Letras e dígrafos de uso sistemático: -nh-: <i>punhos, vizinha, galinha</i> -lh-: <i>filho, olhos</i> -m: <i>um, nengum</i> b) Outras letras e dígrafos de uso nom sistemático: -g, j e x: <i>jazem, penugem, baixo</i> -b e v: <i>inevitável, houve, pobreza</i> -z, c e ç: <i>criança, cabeça, pobreza, azul, sensaçom, dizer.</i> -ss-: <i>confissom</i> qu-: <i>quando</i>
	Acentuación	-Palabras terminadas en ditongo crecente: <i>Silêncio, obséquio, Antónia</i> -Palabras terminadas en hiato: <i>Juraria</i> -Consideración das dúas palabras nas aglutinacións de verbo e pronome: <i>ajudariam-na</i>
	Puntuación	Uso do guión entre verbo e pronome: <i>criar-lhe, ajudariam-na</i>

2 Na parte final do fragmento, procura a pregunta “Como vai viver?”. Observa atentamente o trecho que abarca de aí ao final e elabora un novo esquema coas características desta norma lingüística.

EXERCICIOS DE ANÁLISE DA LINGUA LITERARIA

- 1 Escribe novamente o primeiro parágrafo, agora do punto de vista de Antónia.
- 2 Localiza o fragmento que comeza por "O meu marido é..." e redáctao desde o punto de vista de Mercedes.

Agora que xa coñecemos o modelo lingüístico que Ricardo Carvalho Calero defendeu teoricamente e que aplicou nas obras do seu derradeiro período de vida, con estas palabras veremos como era o ambiente en que pasou a infancia e a primeira mocidade antes de entrar na Universidade.

INFÁNCIA EN FERROL

A miña lembranza dos tempos da infancia situa-me no Ferrol Vello, un bairro de pescadores, primitivamente, que non era outra cousa que unha vila mariñeira semellante às da Ría enfrente do Ferrol de hoxe, por exemplo Mugardos.

A miña nai morreu o ano 1919, cando tiña sómente oito anos, e lembro-a como unha muller de carácter moi decidido. Ela foi quen me ensinou a ler. O meu pai era empresário.

Estas son fundamentalmente as miñas lembranzas daquela época. Aquilo era un bairro cheo de sonidos de cornetas, cornetas do Parque do Arsenal, e de pregóns populares das vendedoras, principalmente das vendedoras de peixe. Na Praza Vella celebraban-se tamén periodicamente certos mercados, certas feiras a determinados días do mes, e ali, na zona da Praza Vella os días en que se celebraba esta feira, vendían-se apeiros de labranza, peneiras, loras, diversos tipos de instrumentos campesinos. Entón a cidade, en que predominava o elemento militar, os soldados, os mariñeiros, enchíase de vida campesina. Tamén lembro que o Ferrol dos meus anos infantís era un Ferrol poboado de ingleses. Havia moitos ingleses, porque a Sociedade Española de Construción Naval necesitaba técnicos ingleses que ensinasen aos obreiros e aos enxeñeiros españois a técnica das construcións navais, e debeu haber un contrato polo cal viñeron moitos obreiros especializados, moitos enxeñeiros, e estas persoas permaneceron moito tempo en Ferrol, de maneira que tiñan a súa capela evanxélica e tiñan a súa escola para os nenos ingleses.

Lembro moi ben que, cando por primeira vez fun á Coruña, para examinar-me de bacharelato, sorprendeu-me moito non atopar ingleses, que eran perfectamente distinguíbeis entre o resto da poboación porque xeralmente eran loiros e vestían dunha maneira un pouco diferente. Na Coruña vin por primeira vez tranvías e tamén subín por primeira vez nun ascensor.

(M.A. Fernán-Vello e F. Pillado: *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Sotelo Blanco Ed., 1986)

EXERCICIOS DE ANÁLISE DA LINGUA ESCRITA

1 O profesor Carvalho Calero ideou un proceso gradual para que a sociedade galega consensuase un modelo de lingua liberado de interferencias. Ese proceso parte duns “mínimos” (en que está escrito este texto) para chegar aos “máximos” (o sistema gráfico do *Scórpio*). Con base no esquema xa visto, recolle agora os trazos máis significativos da normativa de mínimos.

2 Á vista dos esquemas xa realizados e dos coñecementos que posúes das normas de 1982, escribe novamente o primeiro parágrafo deste texto: a) na norma de 1982; b) na normativa da AGAL (ou de “máximos”).

EXERCICIOS A RESPECTO DO TEXTO E DO CONTEXTO

- 1 Que acontecemento marcou a infancia de Ricardo Carvalho Calero?
- 2 Explica o multiculturalismo daquela vila mariñeira que deu orixe á cidade de Ferrol.
- 3 Cales eran naquela altura os tres motores económicos da capital ártabra?
- 4 No texto fálase da inmigración inglesa na cidade durante os dous primeiros decenios do século XX. Un século máis tarde, a pluralidade cultural da cidade departamental é diferente. Explicaa.

MODELO LINGÜÍSTICO PARA GALIZA

O modelo lingüístico que Carvalho Calero quería para a nosa sociedade está inspirado no que defendía o Seminario de Estudos Galegos con base nestes dous criterios: a) lingua oficial en todos os ámbitos de uso; e b) norma escrita en consonancia coa tradición histórica.

Os seguintes textos corresponden a artigos divulgativos publicados en xornais e revistas. Con eles pretendemos que coñezas as súas propostas no referente á convivencia das linguas dentro do Estado, ao estatuto legal do noso idioma dentro de Galiza, ao proceso de consolidación da norma escrita e mesmo á recuperación de falantes que non o recibiran na infancia (neofalantes).

BILINGÜISMO E BIGÁMIA

Fora do mundo dos técnicos da sociolingüística poden-se dar, e dan-se de feito, malentendidos sobre o problema do bilingüismo, e como dous é mais que un na sucesión dos números enteiros, hai unha tendéncia entre os non especialistas a dar por sentado que unha situación de bilingüismo é para un povo mais satisfactoria que unha situación de monolingüismo.

Esta doutrina, como tópico popular, é resultado de unha confusión simplista e, como sentenza en boca de persoas cultas, ou unha contaminación da superstición vulgar ou singelamente unha declamación retórica en prol de un ideario político que teme a modificación da situación de dominio de unha lingua A sobre unha lingua B.

Para calquer individuo, coñecer e poder usar dúas linguas supón un enriquecemento sobre o coñecemento e o uso de só unha lingua. E, por suposto, poder coñecer e usar tres linguas é mais satisfactorio que poder coñecer e usar dúas. Mais unha cousa é polilingüismo individual e outra o plurilingüismo nacional. (...)

O bilingüismo individual é unha realidade cultural hoje imprescindível. Mas un povo non pode ser logicamente bilingüe, como un individuo non pode ser legalmente bigamo. Un povo non pode usar indiscriminadamente dúas linguas. Esa sería unha solución antieconómica e antihigiénica. Representaría unha dicotomía mental e unha volubilidad psíquica que non suporía enriquecemento, senón incongruencia e desorde. Esa situación non é estável, e esa inestabilidade tería que desembocar na monarquía daquela das dúas linguas que posúe maior potencia social. É o caso da nosa terra. Mentres tanto, o que funciona é unha diglosia, na que existe unha lingua alta e outra baixa, situación que ten que resolver-se coa eliminación da lingua menos rendível. O equilibrio da cooficialidade pode dar-se como custosa práctica nos boletins impresos polas autoridades. Mas o uso social igualitario é unha utopía.

O único bilingüismo -ou polilingüismo- funcional é o vigente en Bélxica e en Suíza, onde hai varias linguas recoñecidas como oficiais segundo os correspondentes territorios. En cada un destes é normal a lingua propia, sen prejuízo de unha regulamentación que garanta os dereitos dos membros das outras comunidades lingüísticas.

En España esta é a solución natural, e se hai dificultades legais para chegar a esta situación lóxica, procede unha promoción política e social das falas nativas que, utilizando ao máximo as posibilidades que ofrece o ordenamento jurídico, gere unha interpretación favorável do mesmo en espera de unha mellor formulación dos seus postulados.

(*Umha voz na Galiza*. Sotelo Blanco Ed., 1992)

EXERCICIOS A RESPECTO DO TEXTO E DO CONTEXTO

- 1 “Bilingüismo e bigamia” foi publicado orixinalmente en 1984. Tendo en conta que nesa altura o autor utilizaba habitualmente a norma reintegrada ou de máximos, por que neste caso terá “suavizado” o modelo lingüístico?
- 2 No texto alúdese a unha confusión simplista. Entre que termos se produce esa confusión e a que intereses obedece?
- 3 Cal é o modelo lingüístico que defende Carvalho para o Estado español?

O PROBLEMA ORTOGRÁFICO

Estas som as conclusons que nos parecen pertinentes para solucionar o problema ortográfico.

Primeira. O galego é galego-português, nom galego-castelhano. Pertence à área iberorrománica ocidental, nom à área iberorrománica central. Logo, é lógico que a sua ortografia, consoante a geografia e a história, responda às características do sistema ocidental, e nom às do sistema central.

Segunda. Tendo o galego personalidade própria dentro deste sistema, nom se lhe pode negar o direito a reflectir na escrita os traços peculiares que nom o som da norma comum ou mais prestigiosa da área.

Terceira. A rectificação da castelhanização da nossa ortografia terá de realizar-se gradualmente e acomodando-se às circunstâncias espaciais em que se apresente o problema. Nom se pretende impor por decreto ou lei a ortografia restaurada, senom que procederá realizar a reforma mediante um plano pedagógico que vaia reduzindo progressivamente as incongruências da prática castelhanizante. O ritmo de adaptação na reintegração ortográfica variará segundo o campo em que se actue, segundo a cultura do discente ou do público a quem se dirige a mensagem. De jeito que tem que haver um período de transição no qual em determinados sectores se vaia mais adiantado que noutros, para assegurar a consolidação do processo; com tal que todos os esforços se dirijam à mesma meta. Cabe que umha editorial consagrada a fomentar a reintegração do galego na sua área natural publique textos literários com grafia plenamente restaurada; que umha actividade jornalística sustida na imprensa empregue umha ortografia de compromisso que vaia familiarizando o leitor cos usos históricos sem dificultar umha leitura cursiva; e que no ensino de alunos já alfabetizados coa ortografia castelhana se introduzam lentamente durante um período transitório as práticas essenciais de recuperaçom. Os máximos, os médios e os mínimos usos reintegracionistas deveriam, pois, conviver, para maior eficácia da obra, segundo as situaçons contempladas, durante o tempo que fosse preciso.

Enfim, e esta seria a quarta e última conclusom, penso que em nengum caso a ortografia reintegrada -mesmo se a doutrina que a sustenta adquirisse a aquiescência do poder político- deveria ser imposta por umha pressom oficial que levasse consigo a inspecçom policíaca, a sançom administrativa ou judicial ou a repressom social do disidente. A competência lingüística teria de afirmar-se na livre constataçom de doutrinas e práticas, devendo as autoridades governativas abster-se de assumir umha faculdade de decisom que corresponde à sociedade, e cuja usurpaçom polo aparato político constitui um caso claro de abuso de poder.

(“O problema ortográfico”, in *Agália*. Ed. AGAL. 1985)

EXERCICIOS A RESPECTO DO TEXTO E DO CONTEXTO

- 1 Procura información sobre a revista *Agália* e sintetízaa nun máximo de cinco liñas.
- 2 Por que neste caso o autor usa a norma histórica e non “suaviza” o código como no artigo anterior?
- 3 Segundo Carvalho Calero, cales deberían ser áreas de atención preferente para mellorar o galego estándar?
- 4 Por que pensas que o profesor insiste tanto en que se deben evitar imposicións e abusos de poder?

DIÁLOGO ENTRE A e B

O meu amigo A ten sesenta e seis anos. O meu amigo B ten trinta e tres anos. Ambos son escritores. A escribe sempre en castellano. B escribe sempre en galego. B, no curso de unha conversa cordial, manifesta a súa mágoa por que A non escriba en galego, lingua que fala desde aprendeu a falar, mentres que B falou até hai pouco ordinariamente en castellano. A é fillo de un lavrador e naceu nunha aldea. B é fillo de un militar e naceu nunha cidade. Para A, ao parecer, constitui un mérito falar galego desde cativo, e un demérito comezar a falá-lo na madurez. Quer dicir, é un mérito nacer nun meio que determine que o galego seja a propia fala materna; e um demérito que o galego seja unha fala de adopzón voluntariamente asumida. Parece-me que, ao tratar de justificar-se A ante B por non utilizar o galego como lingua literaria, se desvia do recto camiño da discusión, e acode a argumentos *ad hominem* que non son procedentes. Parece como se o que non tivo o galego como lingua natal non pudesese aceptá-lo como lingua propia normal cando se cre chamado a facé-lo. Hai, pois, que apresentar provas de limpeza lingüística de sangue para ser admitido na comunidade de galego-falantes? Se B asumiu recentemente como lingua a que non aprendeu na súa casa, e a cultiva literariamente, ¿devemos rejeitar do ponto de vista galeguista a sua actitude, e considerá-la, en todo caso, menos meritória que a de A, que falou galego porque era a lingua que ouvia falar ao seu redor, e que cando se enfrentou coa necesidade de escrever, renunciou, polo que seja, a escrever en galego? Pode, fora da leria e da brincadeira amistosa, tomar-se en conta esta argumentazón?

Para empregar a distinzón de Castelao: A fala galego por ruralismo, B fala galego por galeguismo. Postos a escrever galego, A ten unha vantaxe que non beneficia, e B unha desvantaxe, que supera. Quen amosra maior interese pola lingua? Pode ser que A conserve toda a sua vida unha pronúncia enxebre que B non atinja nunca. Os estudiosos da fonética galega tirarán mais utilidade de ouvir a A que de ouvir a B, se A, apesar da aliteralidade da sua lingua, a sustén como fala normal e, incongruentemente coa sua abstenzón de usá-la por escrito, dá ocasión aos fonetistas para aquilo. Mas o seu absentismo do galego escrito non estará compensado pola sua inequívoca articulazón do é aberto e do é fechado do ponto de vista cultural. Neste campo, é evidente que B deve levar a palma, por mui castellana que fose a fala que se lle transmitiu co leite materno.

Non é absolutamente indispensável ter apacentado ovelas desde a mais terna infancia para chegar a ser perito pecuario e promover a mellorar da raza merina. Hai pegureiros que receberam dos seus pais, dos seus avós, dos seus bisavós, e asi até Abel, o caxado pastoril, e nunca fixeron o que un veterinário ou enxeñeiro agrónomo fillo de un banqueiro coruñés ou mesmo de un bufariñeiro maragato pola promozón da nosa facenda.

Se cadra, A leva sesenta e seis anos falando en galego (polo menos, cando se tropeza con B ou os seus afíns) , e B leva somente tres. Mas se B figura na historia da literatura galega e A non sente a necesidade de escrever en galego, ¿hemos de excomungar B porque non herdou de Abel en liña recta a distinzón do timbre das vogais de grau médio, e venerar en A a pelica de San Xoán Bautista porque os seus pais tangian a aveia de Dafne mentres mordiscavan as suas pericas a erva da chousa familiar? (1984)

(*Umha voz na Galiza*. Sotelo Blanco Ed., 1992)

EXERCICIOS A RESPECTO DO TEXTO E DO CONTEXTO

- 1 Procura o significado destes enunciados: *perito pecuario*, *raza merina*, *pegureiro*, *caxado*, *bufariñeiro maragato*, *facenda*, *pericas*, *chousa*.
- 2 Explica o sentido de "A ten unha vantaxe que non beneficia, e B unha desvantaxe, que supera".
- 3 Explica o significado deste enunciado alegórico: "Non é absolutamente indispensável ter apacentado ovelas desde a mais terna infancia para chegar a ser perito pecuario e promover a mellora da raza merina". Cal é a túa opinión sobre este tema?

ESCOLA

Alén de formulacións teóricas para debate entre especialistas, Carvalho Calero dedicou boa parte dos seus esforzos a consolidar un sistema de ensino cos pés na terra e o universalismo no horizonte. Neste caso mostrámosche a súa experiencia no Colexio Fingoi, que dirixiu durante 15 anos (1950-1965).

FINGOI

Aspirava-se a centrar o ensino no meio galego, a arraigar fortemente a educación no ambiente do país. Rejeitava-se toda pedantaria livresca que confundisse a formación dos rapazes com a erudição infantil, despersonalizada e apátrida. Nom se tratava de educar os alunos como se fossem habitantes de calquer país, como se existisse umha educación uniforme para calquer país. Sem pretender introducir novas teorías, senom a practicar teorías razoáveis, procurávamos, sem múnua de lhes fornecer os conhecimentos hoje necessários para calquer home civilizado, proporcionar aos alunos umha imagem imediata do mundo em que viviam, que lhes permitisse desenvolverem-se com eficaz soltura no seu próprio meio. Mais importante que aprender nos livros e nos mapas os afluentes do Óbi, como se fossem siberianos, ou dos do Congo, como se fossen bantus, era levá-los à meseta das Pias para que estudassem sobre o terreno a dispersom das águas e vissem com os seus próprios olhos como, ao Norte, fluía o Mandeu cara a ria de Betanços; como, ao Leste, as águas do Narla iam empatar com o Minho; de que jeito, ao Sul, a corrente do Furelos procurava a bacia do Ulha; e como, em direcção ocidental, fluíam cara o mar as ondas do Tambre. As excursoms ou viagens por Galiza, realizadas os dias feriados, e precedidas de umha cuidadosa planificación, permitiam aos alunos familiarizar-se com a sua terra. A observação da paisage, dos tipos de cultivo, das formas de população, dos monumentos arquitectónicos e das manifestações da vida artesá e industrial aspiravam a proporcionar aos escolares um conhecimento directo da realidade galega, que lhes servisse de base prática para a comprensom das diversas facetas da realidade universal.

(...)

O primitivo propósito de manter a máxima independência de métodos didácticos e organização escolar respeito do Estado tivo que ser rectificado perante a impossibilidade de ajustar tam absoluta autonomia à filosofia da legislação, que propugnava um intervencionismo incompatível com o experimentalismo imaginativo que presidiu a criação do Centro.

A todos estes problemas fixo-se cara sem dogmatismos intransigentes, e a principal missom, às vezes mui difícil, e, em definitiva, esgotadora, do Director, foi durante os quinze anos longos que regentou o Centro, procurar a viabilidade do mesmo dentro do marco real em que funcionava, sem renunciar aos princípios que constituíram a sua razom de ser.

(“Quinze anos em Lugo”, in *Letras galegas*. AGAL.1984)

EXERCICIOS A RESPECTO DO TEXTO E DO CONTEXTO

- 1 Procura información sobre Antón de Marcos e relaciona as pescudas coa fundación do Colexio Fingoi.
- 2 Por volta de 1950, as directrices políticas franquistas marcaban un ensino de tipo memorístico desvinculado da realidade próxima. Como denomina Carvalho Calero esa maneira de ensinar?
- 3 En que sentido se orientaba o ensino nesta escola: a) do universal ao local; ou b) do local ao universal? Xustifica a resposta.
- 4 Carvalho Calero comentou que "O primitivo propósito de manter a máxima independência de métodos didácticos e organização escolar respeito do Estado tivo que ser rectificado perante a

imposibilidade de ajustar tam absoluta autonomia à filosofía da lexislaçom". Que significan estas palabras?

5 Como director, procurou "a viabilidade do centro educativo dentro do marco real em que funcionava, sem renunciar aos principios que constituíram a súa razón de ser". Pensas que sería doado?

6 Entre a actualidade e 1974, a data en que foi pronunciado o discurso, producíronse importantes mudanzas no camiño da igualdade entre os xéneros, unhas mudanzas tamén perceptíbeis na linguaxe. Redacta de novo este enunciado utilizando a linguaxe inclusiva: "Procurávamos, sem minguia de lhes fornecer os conhecimentos hoje necessários para qualquer home civilizado, proporcionar aos alunos umha imagem inmediata do mundo en que viviam".

7 Esta palestra foi pronunciada na capital da República Arxentina perante numeroso público. Cal sería o perfil das persoas que o estaban escoitando?

8 Que ocorrería se ese mesmo discurso fose pronunciado nos mesmos termos perante un auditorio de Lugo ou Compostela nese mesmo ano?

9 Pensa na túa propia vida escolar. Tiveches o privilexio de participar en viaxes escolares do estilo das descritas neste texto? En caso afirmativo, describe aquelas que consideres máis importantes para a túa propia formación.

10 Na cidade de Lugo existen dous centros educativos de titularidade privada (Fingoi e Galén) en que se nota a presenza do modelo de escola impulsado por Antonio Fernández e Ricardo Carvalho. Entra nas súas páxinas corporativas, procura as entradas "Proxecto educativo" e "Historia" e compara os tres resultados. Que observas?

TEATRO NAS AULAS

Se bem nom se me pode considerar um home de teatro, escrevim algumas peças e pronunciei algumas conferências que me relacionam com estas actividades. (...) Mesmo, dentro de reduzidos círculos escolares, sendo professor em diversos centros, privados ou públicos, de distintas cidades galegas, tenho montado alguns espectáculos dramáticos, em galego, castelhano, francês e latim, segundo as circunstâncias o aconselhavam; e ainda que tais ensaios se podem considerar puramente domésticos, som testemunho do meu amor ao teatro.

A minha afeição ao teatro, afeição que só esporadicamente podem cultivar ao longo da minha vida, data dos meus anos infantis. Os meus pais, no pequeno Ferrol dos tempos da guerra europeia e o após-guerra imediato, acudiam sistematicamente ao teatro Jofre cando o seu cenário nos brindava algum espectáculo.

"Sobre o seu teatro", in *Letras galegas*. AGAL. 1984

EXERCICIOS A RESPECTO DO TEXTO E DO CONTEXTO

1 Este texto é exemplo dun recurso estilístico habitual nos textos de Carvalho Calero: a *captatio benevolentiae*. Entra na Galipedia e procura a explicación desa estratexia comunicativa.

2 Por que o debemos considerar un home de teatro?

3 Coméntanos D. Ricardo Carvalho que foi profesor en diversos centros privados e públicos. Onde estaban eses centros? Canto tempo estivo en cada un deles?

4 O teatro é un recurso de grande valía pedagóxica, mais esixe un grande esforzo que non todos os docentes asumen. Preparaches algunha representación teatral na escola? Asistiches algunha vez a un espectáculo de teatro profesional?

CERNA DE CARVALHO NA SOCIEDADE GALEGA

O ensino de Ricardo Carvalho Calero no Colexio Fingoi (1950-1965), na Universidade de Santiago (1965-1980), nas palestras e nos artigos divulgativos publicados na prensa periódica foi ben acollido entre o seu alumnado e entre o numeroso público xeral que seguía estreitamente o seu maxisterio social. Estas son algunhas das iniciativas postas en marcha nestes últimos anos coa cerna de Carvalho como materia prima.



SEMENTE

Tomam o seu nome das Escolas de Ensino Galego criadas a comezo do século XX polas Irmandades da Fala, e impulsionadas por Leandro Carré e Ángel Casal.

Nas Escolas de Ensino Galego, todas as actividades serán desenvolvidas na lingua do noso povo, favorecendo a adquisición, conservación, cuidado e consolidación da mesma. Entendemos o idioma galego como parte indisolúvel da nosa cultura, da nosa historia e do noso futuro, e defendemos o seu carácter internacional. Criando un espazo de interculturalidade, formentará-se a importancia do respecto a outras culturas que viven no noso país.

As Escolas de Ensino Galego som un espazo de pedagogía transformadora ao servizo dos intereses populares. E por iso defendemos:

- Coeducación
- Laicidade
- Assemblearismo
- Interaçom com a natureza
- Respeito pola auto-regulacòm da criança
- Integraçom no contexto do seu bairro e da cidade.

<https://sementecompostela.com/projeto/>

EXERCICIOS A RESPECTO DO TEXTO E DO CONTEXTO

1 Procura no *Dicionário Estraviz* a definición de: *indisolúvel*, *interculturalidade*, *coeducacòm*, *laico* e *assembleia*. Se non aparecen todas, envía un comentario coa solicitude de que sexa incorporada esa palabra.

2 Lembra o texto en que Carvalho Calero describía os principios educativos do Colexio Fingoi. Cales son os elementos comúns coas Escolas Semente?

TRABALLOS COLABORATIVOS

1 Procura información sobre as Escolas Semente e responde:

- a) Onde e cando se fundou a primeira?
- b) A que outros lugares se estendeu a iniciativa?
- c) Cantas entidades participan agora na rede de Escolas Semente?

2 Tendo a listaxe de Escolas Semente, organizádevos en grupos para entrar en comunicación con todas elas e poder recoller esta información:

Volume de matrícula

Equipo docente

Ratio de crianzas por grupo

Oferta educativa

Prezo

3 Tamén por grupos, procurade unha entrevista con algunha familia con crianzas escolarizadas na Semente.



Premios Xoán Manuel Pintos para Apego, aos docentes Vitoria Ogando e Anxo González Guerra e á Galipedia

O Concello de Pontevedra convoca o premio Xoán Manuel Pintos co fin de facer recoñecemento público ao labor de impulso do uso da lingua galega e, ao mesmo tempo, manter viva a memoria do xurista e escritor Xoán Manuel Pintos, figura central do Rexurdimento e un dos pioneiros no compromiso coa defensa da lingua galega.

Na edición 2018 os premiados foron:

O programa **Apego**: porque consegue sumar miles de familias para que sexan activas na transmisión da lingua galega desde o berce, como lingua inicial das súas fillas e dos seus fillos.

Vitoria Ogando e Anxo González Guerra. Ambos os dous son profesores de lingua e literatura galega que desenvolveron os seus anos de docencia en Pontevedra, transmitindo a dúcias de xeracións de estudantes o seu amor pola lingua e o orgullo de termos lingua, historia e cultura propias. Xuntos crearon materiais para a aprendizaxe da lingua, primeiro en papel e despois desde a Rede como a páxina web www.ogalego.gal.

Finalmente, a **Galipedia** -a enciclopedia libre en galego-, pola súa promoción e normalización da lingua galega, foi merecedora do premio elixido entre as propostas presentadas pola cidadanía.

<https://botons.eu/2018/03/05/premios-xoan-manuel-pintos-para-apego-aos-docentes-vitoria-ogando-e-anxo-gonzalez-guerra-e-a-galipedia/>

EXERCICIOS A RESPECTO DO TEXTO E DO CONTEXTO

- 1 Tenta explicar o significado das seguintes palabras: xurista, pioneiro, docencia, enciclopedia. Unha vez feito o exercicio, compara a túa definición coa do Dicionário Estraviz.
- 2 Cal é a obra máis coñecida de Pintos? Por que razón é tan importante?
- 3 Procura información sobre o programa Apego. Cal é a entidade promotora? Que outras entidades o apoian?
- 4 Que é a Galipedia? Por quen está feita?
- 5 Vitória Ogando e Anxo González Guerra representan o espírito do alumnado de Ricardo Carvalho Calero na Universidade de Santiago. A súa obra www.ogalego.eu é unha auténtica escola particular aberta todos os días do ano. Para que niveis está pensada esta ferramenta de reforzo e auto-aprendizaxe?

PORTAL GALEGO DA LÍNGUA

O Portal Galego da Língua (PGL) é o lugar da rede que tenta ofrecer ao público (galego, portugués, brasileiro ou doutros países) noticias, crónicas, reportagens e artigos de opinión a respeito da lingua e a cultura dos diferentes países da área galego-portuguesa.

Algumhas das suas ferramentas son "Isto não é galego, é português" (de título irónico), "Falar com jeito" (destinado ao público galego que, por diversas razões, utiliza muitas interferências nos seus textos e conversas), o dicionário E-Estraviz, a Através Editora, etc.

O PGL também é conhecido entre os seus usuários como "Portal Geral da Lusofonia" ou "Portal Galego da Lusofonia".

(texto adaptado de <https://pgl.gal/>)



TRABALLOS COLABORATIVOS

- 1 Que é o ATRAVÉS CLUBE?
- 2 Procura a entrada que leva por título "Livros", onde está o catálogo da Através. Cales son as coleccións en que están organizados?
- 3 Visualiza o catálogo de autores e autoras. Cal é a maior diferenza con outras editoras galegas?
- 4 A quen está dirixida a WEB-FAQ do Reintegracionismo?
- 5 Consulta as palabras "camiño" e "axuda" no Dicionário Estraviz. Que ocorre?
- 6 Onde exerceu a docencia o profesor Isaac Alonso Estraviz?

FUNDAÇOM ARTÁBRIA

Artábria foi inicialmente uma asociación dedicada à defensa da língua da Galiza. Criada em 1992 no concelho de Narón, o seu âmbito estendeu-se logo aos concelhos vizinhos de Ferrol e Fene, com pessoas associadas procedentes dos mesmos.

Em 1998, a partir da asociación do mesmo nome, transformou-se na Fundación Artábria, um projecto inovador que parte da iniciativa de um colectivo plural e que tem como eixo principal a defensa da língua (monolingüismo e reintegracionismo). Para avançarmos nesse caminho, empenhamo-nos na criação de um centro social que servisse de ponto de encontro de pessoas e organizações sociais com um certo compromisso com a cultura, os valores solidários e os direitos históricos da Galiza.

O nosso centro social acolhe actividades de todo o tipo, entre as que destacam as que servem para dignificarmos a cultura galega nas suas diversas expressões: música tradicional e actual, teatro, participação no entrudo, nos maios, nas romarias populares, na festa das cabaças,... Trata-se de uma aposta de fundo no reencontro com as manifestações da cultura do País.

Conferências, edição de livros, exposições, aulas de pintura, de dança tradicional, de língua, seminários de história e outras actividades completam uma oferta cultural veiculada no nosso idioma. Lugar de destaque ocupam também as manifestações culturais de outros países de fala galego-portuguesa, no caminho do reencontro cultural com a nossa área natural de relacionamento internacional.

Para além das actividades próprias, as instalações da Fundación Artábria são também cedidas para que outras organizações sociais da comarca organizem os seus actos, realizem as suas reuniões ou utilizem serviços de comunicação. Apoiamos assim a dinamização da vida associativa da Terra de Trasmorcos. Entidades ecologistas, juvenis, sindicais, feministas, anti-repressivas, colaboram connosco pontualmente ou de maneira estável com esse fim, fazendo do nosso projecto um agente comprometido com a democracia participativa e os valores progressistas e solidários, sempre com uma óptica galega que permite exercer o mais autêntico dos internacionalismos.

<http://www.artabria.net>

artábria
TRAVESSA DE BATALHONS 7 - FERROL

TRABALLOS COLABORATIVOS

1 Cada equipo debe procurar información sobre os centros sociais que promoven a cultura galego-portuguesa nas cidades e vilas de Galiza:

a) Onde e cando apareceron as primeiras?

b) En que lugares existen agora mesmo este tipo de entidades que promoven a vida en galego?

2 Tendo a listaxe de Centros Sociais, organizádevos en grupos para recoller esta información: a) breve historia da entidade; b) perfil das persoas asociadas; c) servizos dispoñíbeis para o público (xeral ou específico).

LEI PAZ-ANDRADE

Dia histórico para a Lusofonia na Galiza

Apoio unánime à ILP Valentim Paz-Andrade, que chegou ao Parlamento avalizada por 17.000 assinaturas

Nunca o reintegracionismo chegara tam longe em toda a sua história. Que o movimento progredia e as suas posições ganhavam compreensom social, qualquer militante notava, mas ao ponto de três das suas reivindicações históricas serem assumidas unanimemente no Parlamento da Galiza, isso já era outro cantar: poucas pessoas eram capazes de imaginar há só um ano.

E. MARAGOTO / Desta vez, todo se fijo bem. A intençom era ganhar e nessa direçom iam todos os passos desde o primeiro momento. Tratava-se de retirar o debate da língua do confronto político que tam maus resultados tinha dado noutras ocasioms e aspirar à unanimidade parlamentar.

José Morell, empresário viguês habilmente escolhido polo grupo promotor para salientar o valor estratégico da ILP para a economia galega, combinou os argumentos económicos e os culturais, finalizando com um chamamento a que a Galiza aproveite todas as “vantagens competitivas” que lhe oferece a sua língua. O discurso mostrou que o projeto descansa em argumentos mui sólidos, tanto do ponto de vista económico como identitário e foi parabenizado por todos os grupos parlamentares.

A ILP Valentim Paz Andrade persegue implantar o ensino do português em todos os níveis educativos, a receçom do sinal das televisoms portuguesas e um esforço diplomático por parte do governo que permita situar a Galiza no âmbito internacional através de fóruns lusófonos. O principal objetivo da mesma já está cumprido: inaugurar umha nova dinâmica de relaçoms entre as culturas galega e luso-brasileira.

Novas da Galiza, 15/06/2013

EXERCICIOS A RESPECTO DO TEXTO E DO CONTEXTO

- 1 Procura información sobre o Novas da Galiza: nome da empresa editora; ano de aparición do xornal; periodicidade; canais de comunicación; e compromiso co idioma.
- 2 A persoa que asina a crónica é nesta altura o presidente da AGAL. Pensas que foi alumno de Ricardo Carvalho? Que relación tivo o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galega coa AGAL?
- 3 Que é unha Iniciativa Lexislativa Popular?
- 4 Esta ILP foi promovida por diversas entidades, entre elas a Academia Galega da Língua Portuguesa (AGLP). Cando foi fundada? Cales son os seus vínculos con Ricardo Carvalho?
- 5 En 2019, cinco anos após a súa aprobación no Parlamento, o PGL publicou un relatorio titulado “A Lei Paz Andrade a exame”. Cales son as medidas concretas implementadas como desenvolvemento desta lei?



CANTOS NA MARÉ



Cantos na Maré naceu no ano 2003 coa intención de render unha homenaxe ao mar como lugar de encontro de artistas, letristas, músicos, poetas e escritorxs galegos, unidxs polos sentimentos e valores culturais do universo galego-portugués.

Logo das primeiras edicións celebradas no exterior, o éxito acadado resultou determinante de cara á continuidade do proxecto e do formato experimentado.

Finalmente, o Pazo da Cultura de Pontevedra e o mes de xaneiro conforman o lugar e as datas actuais, con Uxía na dirección artística e Paulo Borges na dirección musical.

Ata o 2006 Cantos na Maré baseábase nun espectáculo musical, será na súa cuarta edición cando se marca un punto de inflexión, ao pasar a un conxunto de actividades, primeira achega ás posibilidades e potencialidades como catalizador futuro, e punto de intercambio artístico e profesional entre os países da lusofonía cara o escenario global.

No ano 2008 celebrouse o Cantos na Maré Rede, un foro interactivo desenvolvido como un primeiro paso cara á materialización dunha rede de cooperación entre os axentes, os artistas e o público da música da lusofonía. No ano 2009, ademais da edición celebrada en Pontevedra en decembro, ten lugar un feito extraordinario: a celebración da primeira edición de Cantos na Maré no Brasil, na cidade de Fortaleza, que supuxo un paso decisivo cara á súa expansión internacional.

Sen abandonar a idea primixenia da lingua como conexión de Galicia coa Lusofonía, Cantos na Maré dá un paso máis e toma unha nova reorientación, ao incluír músicas do mundo procedentes de todo o planeta, desde a música de raíz ás músicas urbanas pasando polas voces corais e a polifonía. Ademais, o evento inclúe outros contidos como a gastronomía, a narración oral ou a danza, distribuídos por distintos puntos da urbe, e promove "a descuberta e revalorización do patrimonio da cidade".

<http://boaspracticas.xestoresculturais.gal/proxectos/cantos-na-mare/>

EXERCICIOS A RESPECTO DO TEXTO E DO CONTEXTO

- 1 Percibes algunha ligazón entre o que se manifesta neste texto e o pensamento lingüístico do autor homenaxeado nas Letras Galegas de 2020?
- 2 Por outra parte, tamén se percibe certa falta de sintonía. En que?
- 3 Por que algunhas veces os textos con filosofía reintegracionista están escritos na norma máis converxente co castelán?
- 4 Procura información sobre os Cantos na Maré e indica artistas participantes e as súas procedencias.

GRANDES VOZES DO NOSO MUNDO

“É un programa radiofónico de contido musical. Unha hora semanal feita con idéntico criterio ao dos Cantos na Maré, o festival que se celebra anualmente en Pontevedra dirixido por Uxía Senlle e que reúne na nosa terra os e as artistas con maior representatividade no mundo de raíz galega. Coa sintonía dos Cantos na Maré na cabeceira, esta ponte bidireccional une Europa con África e América. Todas as semanas se ouven as músicas de Sés, Guadi, Xavier Díaz, Pucho Boedo, Uxía Senlle ou Miro Casabella... e as do Zeca Afonso, Mafalda Veiga, Dulce Pontes ou Capicua... Roberto Carlos ou Gilberto Gil ou Adriana Calcanhoto... e Cesária Évora ou Karina Gomes ou Mayra Andrade... e Aline Frazão ou Yara da Silva. Os programas feitos "ao vivo" son emitidos no sistema analóxico para a Coruña, Burela, Ferrol, Vigo, Braga e São Paulo e no sistema dixital para todo o mundo, grazas á radio á carta...”

Adaptado de: <http://www.grandesvozes.com/>


EXERCICIOS A RESPECTO DO TEXTO E DO CONTEXTO

- 1 No texto cítanse varios nomes de artistas. Sen procurar información, coñeces algúns?
- 2 Cal é o sentido de “ponte musical bidireccional”?
- 3 Entra en www.grandesvozes.com e observa a estrutura da páxina. Por que che parece que opta polo binormativismo?
- 4 Cales son as particularidades do equipo que realiza este programa musical?
- 5 O Grandes Vozes é un programa Modelo Burela. Procura información sobre esta intervención educativa.






Á DESCUBERTA DE CARVALHO CALERO





Á DESCUBERTA DE CARVALHO CALERO



Autoría: Bernardo Penabade

Coordinada por: Teresa Crisanta V. Pilhado & Eduardo Maragoto

Diagramada por: Uxio Outeiro

Este material didáctico contou co apoio da Consellería de Cultura e Turismo e da Deputación da Coruña.



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

#aculturasegue

